

Axudas para apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles de comercialización.

Operación financiada pola Unión Europea-Next Generation mediante axudas reguladas na Orde ICT/949/2021 pola que se establecen as bases reguladoras da liña de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles curtas de comercialización con número de expediente: MS-010000-2023-191

Orzamento financiable: 1.827.315,00 €

Subvención concedida: 1.461.852,00 €

O Concello de Betanzos pretende a revitalización do comercio mediante a conexión de tres eixes comerciais: o mercado municipal, o Centro Comercial Aberto e o mercado non sedentario para a creación dunha oferta cohesionada, diferencial e sustentable, creando unha oferta diferencial con capacidade de atracción de residentes nos territorios próximos e tamén de visitantes doutras localidades. Para acadar este obxectivo levarase a cabo un proxecto integrado con solucións para dotar dunha identidade a área comercial, potenciar a mobilidade e a accesibilidade nos tres eixes, incrementar a pegada económica comercial e a competitividade con novas canles de venda e distribución con base tecnolóxica e implementar ferramentas de sustentabilidade que aporten valor aos produtos de quilómetro cero e incrementar a satisfacción da persoa visitante.

Os conceptos financeiros deste proxecto son:

- Gastos dirixidos á transformación dixital.
- Gastos referidos a transformación do punto de venda.
- Gastos relativos a sustentabilidade e economía circular.
- Gastos relativos a cadea de subministración e trazabilidade.
- Gastos de sensibilización e formación.
- Outros gastos subvencionables

Máis información:

- Licitación e contratacións:

1. Contratación dos servizos para a creación da marca Betanzos e a súa extensión nos seguintes puntos de intervención: proxecto de sinalética, creación de deseño de embalaxes e creación de elementos organizativos de mobiliario.

EXPEDIENTE: 2023/C004/000010

LIGAZÓN PARA CONSULTAS DO PROXECTO E PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS:

https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink:detalle_licitacion&idEvl=eXkN6L4OCV3i0Kd8%2Brcp6w%3D%3D



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU

Plan de Recuperación,
Transformación
y Empleo



LIGAZÓN PARA CONSULTAS SOBRE A ADXUDICACIÓN E O CONTRATO

<https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink:perfilContratante&idBp=bDjUYBE%2BGt7h85%2Fpmsfw%3D%3D>